



Concello de Sarria

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLO CONCELLO DE SARRIA PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO DE CONTRATACIÓN, COMO FUNCIONARIO INTERINO DA ADMINISTRACIÓN XERAL, PERTENCENTE Ó GRUPO A, SUBGRUPO A2, CON CARGO AO PROGRAMA PLAN PROVINCIAL UNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018, ASÍ COMO A CONFECCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA.

1.- RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN.

O resultado do primeiro exercicio da fase de oposición foi o seguinte:

Nº DE CONTROL	PUNTUACIÓN TOTAL.
2	16 PUNTOS
3	19 PUNTOS
4	25 PUNTOS

As puntuacións obtidas polos participantes no proceso selectivo concedéronse por unanimidade de tódolos membros do tribunal.

De conformidade co previsto no apartado 7.1. b) das bases da convocatoria, o tribunal acordou declarar aprobados a tódolos opositores que acadaron unha puntuación mínima de **15 puntos**.

2.- CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN.

O tribunal acordou convocar aos aspirantes declarados aprobados no segundo exercicio para a realización do do terceiro exercicio da fase de oposición (apartado 7.1.c) das Bases da Convocatoria), para o vindeiro **Mércores día 19 de Decembro do 2.018, a partires das 9:30 horas**, no Salón de Sesións da Casa do Concello de Sarria, para o cal deberán viren provistos do número de control asignado no primeiro exercicio e do documento acreditativo da súa identidade.

O exercicio consistirá “ *na resolución, por escrito de 2 supostos prácticos referentes ás funcións do posto que o Tribunal determine, durante un tempo máximo de 90 minutos. Os supostos prácticos estarán relacionados coas materias que figuran na parte específica do Anexo I, non podendo os aspirantes consultar ningún tipo de texto legal.*

Puntuación máxima: 30 puntos, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 15 puntos. Puntuarase o nivel de resolución dos casos prácticos en relación”.

O Tribunal acorda que, respecto a este tercer exercicio, tra-la súa resolución escrita e á súa conclusión, se realice a súa lectura polos aspirantes, en acto público diante do Tribunal calificador.

Concello de Sarria



Concello de Sarria

3.- ACTO PUBLICO DE APERTURA DO SOBRE QUE CONTEN AS FOLLAS DE CONTROL.-

O Tribunal acorda convocar aos opositores para o **19 de Decembro do 2.018, a partires das 13:15 horas** , no Salón de Sesións da Casa do Concello de Sarria, para a realización do acto público de apertura do sobre que contén as Follas de Control, coa identidade dos opositores.

4.- EXERCICIO DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA.-

O Tribunal acorda declara-la exención da realización deste exercicio de coñecemento de lingua galega (Apartado 7.1.d) das bases da convocatoria) ao teren acreditado tódolos aspirantes participantes no proceso selectivo o Celga 4.

5.- VALORACION DE MERITOS DA FASE DE CONCURSO.-

O Tribunal acorda fixar a data do **19 de Decembro do 2.018, a partires das 13:30 horas** , no Salón de Sesións da Casa do Concello de Sarria, para a realización do acto de valoración de méritos, correspondente á Fase de Concurso, prevista no apartado 7.2 das Bases da Convocatoria.

O secretario,
(documento asinado dixitalmente á marxe)